

## ACREDITACIÓN MÉRITOS LEI 20/2021 CONCURSO OPOSICION

Santiago de Compostela 17/04/24

Publicadas as resolucións de apertura do procedemento para a acreditación de méritos dos procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, mediante o sistema de concurso, seguintes:

### Procesos de personal funcionario (subgrupo A2)

- Administración especial: Corpo facultativo de grado medio, escala de agentes de extensión pesquera.

### Procesos de personal funcionario (subgrupo C2)

- Administración especial: Corpo de auxiliares de carácter técnico, escala de auxiliares de clínica.

Os méritos deberán referirse á data de publicación da convocatoria no DOG:  
**26/12/2022**

### PROCEDEMENTO:

Os méritos achegaranse ao expediente persoal electrónico, a través de:  
<https://fides.xunta.gal>

O procedemento está establecido na [Resolución do 5 de decembro de 2023](#).

**En FIDES comprobáranse os datos que figuran no expediente:**

- a) **Si estás conforme** cos datos consultados, porque os méritos baremables neste proceso figuran no estado de validados, **non precisas realizar ningunha actuación.**
- b) No **suposto de non estar conforme** cos datos consultados, por non constaren ou por seren incompletos, **debes incorporar a información non rexistrada** presentando a **solicitud de actualización dos méritos xunto coa documentación acreditativa** deles ao abeiro do establecido na Resolución do 5 de decembro de 2023.
- c) **Si atopas** no expediente electrónico **erros** nos méritos nos estados de «**en trámite**», «**validado**», «**duplicado**» ou «**descartado**» debes presentar **alegacións a través de Fides** na epígrafe de «**inscripción en procesos selectivos**», accedendo ao proceso de estabilización desta resolución en que figure inscrito, na epígrafe «**que podo facer?**», «**presentación de alegacións**».



No suposto de que os méritos que queiras corrixir sexan comúns a varios procesos, só tes que presentar alegacións a un deles.

## DOCUMENTACIÓN INCOMPLETA:

- Os **méritos** que aparezan no **estado** «**acreditación documental incompleta**» debes **acreditalos**, para iso:
  - **Presenta toda a documentación** seguindo o establecido nos números **3 e 4** da instrución oitava da **Resolución do 5 de decembro de 2023**, é dicir:
    - **Achegando as copias electrónicas auténticas a través de FIDES, ou**
    - **Cando non dispoñas de copias auténticas: presentando a documentación de maneira presencial (Rexistros).**

## PRAZO:

- **10 DÍAS HÁBILES A PARTIR DO SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN EN DOG (18/04 A 02/05):**
  - Para **actualizar** méritos e a súa documentación.
  - Para **emendar** o estado «**acreditación documental incompleta**»

## ESTADO DOS MÉRITOS PARA SER BAREMADOS:

- Os **méritos** do estado de **validados** serán **os que teña en conta o tribunal na baremación** do concurso, referidos **á data 26/12/2022**.
- Os **méritos** que **incluídos** no expediente **a 24/02/24** no estado de **validados non podes presentalos de novo**.

## PRESENTACIÓN E ADMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS

- **Si entre** a entrada en vigor da **Resolución do 5 de decembro de 2023 e a publicación da actual apertura de prazo, solicitaches validación dalgún mérito** previamente rexistrado no teu expediente e este se encontre nos estados de «**pendente de presentar ou tramitar**» ou «**en trámite**», **non terás que presentar novamente a documentación acreditativa** de tal/es mérito/s **agás** a complementaria que resulte necesaria para a súa **actualización**.
- Non se terán en conta neste proceso:

- outros méritos presentados polas persoas aspirantes distintos dos que figuren no seu expediente persoal electrónico ou
  - que se soliciten no expediente ou
  - que se acrediten documentalmente con posterioridade ao prazo dos 10 días establecido no punto cuarto desta resolución.
- Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva **non se admitirá**, unha vez **rematado o prazo** de acreditación de méritos establecido neste resolución e para os efectos da súa valoración neste proceso,
- ningunha **nova documentación acreditativa de méritos**, aínda que consten rexistrados na solicitude de actualización ou modificación do expediente persoal.
  - **Exceptúase** aquela **documentación** que, xustificándoa documentalmente neste mesmo prazo, **a solicitases** ao organismo ou entidade competente **e non fose recibida no indicado prazo**. Neste suposto admitirase a súa presentación ata o momento da finalización do prazo para a presentación de reclamacións á baremación provisional.

## MÉRITOS RELATIVOS Á SUPERACIÓN DE PROCESOS SELECTIVOS

Os méritos por superación de exercicios ou probas de procesos selectivos **convocados con data posterior ao 1.1.2001** para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo da Xunta, **apreciaraos de oficio a Dirección Xeral da Función Pública**, polo que **non precisas acreditarlos**.

## PRIORIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ACTUALIZACIÓN

Dan **prioridade** á tramitación das **solicitudes de actualización** do expediente persoal electrónico que se presenten ao abeiro dos **procesos selectivos** extraordinarios de estabilización derivados da **Lei 20/2021**, coa finalidade de axilizar a súa resolución.

